



IX Concurso Escolar de Cancións en Lingua de Signos Española

2026

CANTAMOS COAS MANS

Bases da convocatoria

1. A presente convocatoria ten por obxecto a participación na IX Edición do Concurso “Cantamos coas mans”, convocado pola Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG).
2. Poderán participar na mesma todos os centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto públicos, como privados ou concertados, que terán que enviar un vídeo cunha canción á súa elección interpretada integramente en Lingua de Signos Española.
3. O idioma da canción elixida deberá ser o galego.
4. O vídeo deberá contar con subtítulos.
5. Unha comisión técnica valorará o contido dos vídeos, podendo descartarse as cancións ou gravacións que non cumpran uns requisitos mínimos en canto a comprensión do signado, así como as cancións ou gravacións cuxo contido poida resultar ofensivo.
6. No vídeo poderán participar tanto o alumnado do centro, como profesorado, pais/nais e persoal non docente.
7. A duración máxima do vídeo será de 4 minutos.
8. A presentación de candidaturas farase a través do formulario de inscrición dispoñible na web www.faxpg.es, no que será preciso achegar o vídeo a as cesións de imaxe correspondentes, antes do día 4 de marzo de 2026 ás 12:00 h do mediodía.
9. Os vídeos non poderán facerse públicos nin difundirse en redes sociais de forma previa á súa publicación por parte da FAXPG.
10. Outorgaranse dous grandes premios (“Premio do Xurado” e “Premio do Público”), ademais de posibles “Mencións de Honra”.

11. De entre todas as candidaturas recibidas, será un xurado profesional quen elixirá a canción gañadora na categoría “Premio do Xurado” e tamén as posibles “Mencións de Honra” que considere.
12. O xurado profesional estará composto por membros da FAXPG, así como posibles colaboradores/as externos/as. En total serán como mínimo 4 membros, entre os cales haberá obrigatoriamente:
 - a. Un/unha Especialista en LSE
 - b. Un/unha Profesor/a ou Educador/a
 - c. Un/unha Intérprete de LSE
 - d. Un/unha membro da Xunta Directiva da FAXPG
13. Os criterios de valoración para outorgar o “Premio do Xurado” e as posibles “Mencións de Honra”, serán os seguintes:
 - a. Calidade e visibilidade do signado. Ata 50 puntos.
 - b. Calidade visual de imaxe (gravación, escenografía, grafismos, etc.). Ata 40 puntos.
 - c. Cantidade e diversidade das persoas participantes. Ata 10 puntos.
14. O xurado reunirse de forma presencial ou online para compartir as súas valoracións individuais e deliberar de forma conxunta tomando como base as puntuacións alcanzadas para decidir a que candidatura entregaráse o “Premio do Xurado” e cal ou cales recibirán “Mencións de Honra”. Procurarase, cando sexa posible, que todos os niveis educativos teñan representación entre os premiados.
15. O “Premio do Público” será elixido a través dunha votación en liña na web da FAXPG. Na devandita web publicaranse os vídeos (aloxados na plataforma YouTube) e poderase acceder á votación (realizada a través dunha plataforma externa como Google Forms). A organización poderá facer uso doutras plataformas se o considera necesario.
16. O prazo de votación para o “Premio do Público” abrirase na mañá do mércores 18 de marzo e pecharase o mércores 25 de marzo ás 12:00 h do mediodía. A organización poderá modificar estes prazos en caso de consideralo necesario ou por cuestións técnicas.
17. A elección das candidaturas premiadas farase pública na páxina web **www.faxpg.es**, e nas diferentes redes sociais desta entidade a partir do 26 de marzo de 2026.
18. Todos os centros cuxas cancións sexan premiadas recibirán un diploma acreditativo. Ademais, as dúas candidaturas recoñecidas como “Premio do Xurado” e “Premio do Público” recibirán a maiores unha tarxeta de compra de Vegalsa-Eroski cun valor de 300 €. As candidaturas elixidas como “Mencións de Honra” tamén recibirán unha tarxeta de compra de Vegalsa-Eroski cun valor de 50 €.

19. Todas as cancións poderán ser publicadas tanto na web e redes sociais da FAXPG como en calquera acto ou medio de comunicación que faga difusión do concurso.
20. Para a entrega dos diplomas e premios, a FAXPG organizará un acto no que promoverá a actuación en directo dos centros premiados. Para iso contará coa presenza dos devanditos centros, que poderán acudir cunha representación maior ou menor en función do aforo do auditorio. En todo caso, deberá acudir como mínimo unha persoa representante do equipo docente que poida intervir para contar a súa experiencia de participación e recoller o premio. Para facilitar a participación dos centros, a FAXPG comprométese a avisar con antelación da data e lugar do acto. O acto realizarase de maneira presencial, e de forma preferente na cidade de Santiago.
21. Para participar na convocatoria, ademais do vídeo, os centros deberán enviar o seguinte modelo de **cesión de dereitos de imaxe** que se adxunta, debidamente asinado polos pais/nais dos alumnos/as participantes na gravación, así como polo profesorado e calquera outra persoa que apareza no vídeo. Neste último caso, así como no caso de que os alumnos/as participantes sexan maiores de 18 anos, a autorización terá que vir asinada por eles. Os modelos poderanse anexar escaneados no mesmo formulario de inscrición. Non se admitirán vídeos nos que aparezan persoas para as que non se conte coa correspondente autorización, aínda que se oculten as súas caras utilizando ferramentas de edición (tipo pixelado ou difuminado de caras).
22. Para aclarar calquera dúbida, os centros poderán contactar coa FAXPG polos seguintes medios: por teléfono, 981 16 93 36 ou por email a mcomunicacion@faxpg.es ou pedagogia@faxpg.es
23. A participación nesta convocatoria implica a total aceptación das bases por parte dos centros participantes.